



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Química Inorgánica 4	Código	610G01024	
Titulación	Grao en Química			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Química Fundamental			
Coordinación	Rodríguez Blas, María Teresa	Correo electrónico	teresa.rodriguez.blas@udc.es	
Profesorado	Castro Garcia, Socorro Platas Iglesias, Carlos Rodríguez Blas, María Teresa	Correo electrónico	socorro.castro.garcia@udc.es carlos.platas.iglesias@udc.es teresa.rodriguez.blas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>DESCRICIÓN: Preparación e caracterización de compostos inorgánicos: compostos de coordinación e sólidos non moleculares.</p> <p>CONTEXTUALIZACIÓN: A materia encádrase no sexto semestre do Grao en Química (3º curso), e está intimamente relacionada coa materia do quinto semestre &quot;Química Inorgánica 3&quot;;. O conxunto das dúas materias constitúen o módulo &quot;Química Inorgánica Avanzada&quot;;, que pretende proporcionar unha adecuada formación ao alumnado nos ámbitos da Química de Coordinación e a Química do Estado Sólido.</p> <p>Esta asignatura forma parte do Plan Bilingüe do Grao, por lo que hai posibilidade de cursala en castelán/galego (Prof. responsable: Mª Teresa Rodríguez Blas) ou en inglés (Profs. responsables: Carlos Platas Iglesias e Socorro Castro García). Os alumnos poderán elixir a opción que desexen ao efectuar a súa matrícula. As actividades do grupo castelán/galego impartiranse en castelán.</p> <p>Preparation and characterization of inorganic compounds: Coordination compounds and non-molecular solids.</p> <p>CONTEXT: &quot;Inorganic Chemistry 4&quot;; is a compulsory course in the 6th semester-3rd year of the Degree in Chemistry, and it is closely related to the &quot;Inorganic Chemistry 3&quot;; (5th semester). Both courses will provide an adequate formation in the fields of Coordination Chemistry and Solid State Chemistry. &quot;Inorganic Chemistry 4&quot;; is part of the Bilingual plan for the Degree in Chemistry, which allows students to follow the course in Spanish/Galician (Prof. in charge: Mª Teresa Rodríguez Blas) or in English (Profs. in charge Carlos Platas Iglesias and Socorro Castro Garcia). Students may choose among one of these two options when filling their registration forms. The activities of the group in Spanish/Galician will be carried out in Spanish.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Utilizar a terminoloxía química, nomenclatura, convenios e unidades.
A3	Coñecer as características dos diferentes estados da materia e as teorías empregadas para describilos.
A4	Coñecer os tipos principais de reacción química e as súas principais características asociadas.
A5	Comprender os principios da termodinámica e as súas aplicacións en Química.
A9	Coñecer os rasgos estruturais dos compostos químicos, incluíndo a estereoquímica, así como as principais técnicas de investigación estrutural.
A12	Relacionar as propiedades macroscópicas coas de átomos e moléculas.
A14	Demostrar o coñecemento e comprensión de conceptos, principios e teorías relacionadas coa Química.
A15	Recoñecer e analizar novos problemas e planear estratexias para solucionarlos.
A16	Adquirir, avaliar e utilizar os datos e información bibliográfica e técnica relacionada coa Química.
A17	Traballar no laboratorio Químico con seguridade (manexo de materiais e eliminación de residuos).
A18	Valorar os riscos no uso de sustancias químicas e procedementos de laboratorio.
A19	Levar a cabo procedementos estándares e manexar a instrumentación científica.



A20	Interpretar os datos procedentes de observacións e medidas no laboratorio.
A21	Comprender os aspectos cualitativos e cuantitativos dos problemas químicos.
A22	Planificar, deseñar e desenvolver proxectos e experimentos.
A23	Desenvolver unha actitude crítica de perfeccionamento na labor experimental.
A24	Explicar, de xeito comprensible, fenómenos e procesos relacionados coa Química.
A26	Levar a cabo procedementos estándares de laboratorios implicados en traballos analíticos e sintéticos, en relación con sistemas orgánicos e inorgánicos.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Recoñecer e analizar problemas asociados á síntese e caracterización estrutural de sólidos inorgánicos e complexos, e planear estratexias para solucionarlos.	A15		
Utilizar axeitadamente a terminoloxía e nomenclatura empregada normalmente na Química de Coordinación e na Química do Estado Sólido.	A1		
Coñecer e utilizar as fontes bibliográficas para obter información sobre a estrutura, enlace, síntese e reactividade, caracterización, propiedades e aplicacións dos compostos de coordinación e sólidos cristalinos non moleculares.	A16	B1 B4	
Coñecer e levar a cabo procedementos estándares para a síntese de compostos inorgánicos e manexar a instrumentación científica para a súa caracterización.	A17 A19		
Planificar, deseñar e desenvolver a síntese e caracterización de compostos de coordinación e sólidos inorgánicos non moleculares.	A22	B5	
Comprender e explicar os procesos observados nun laboratorio de Química Inorgánica.	A1 A18 A20 A21 A23 A24	B2 B3 B4 B7	C1 C7
Realizar con soltura, limpeza e seguridade a síntese e caracterización de compostos de coordinación e sólidos cristalinos non moleculares.	A17 A18 A26		
Valorar a importancia que ten a investigación en Química Inorgánica no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Xestionar adecuadamente os residuos xerados nun laboratorio de síntese e caracterización de compostos inorgánicos.	A17 A18 A23		
Coñecer e saber utilizar material de laboratorio e as instalacións necesarias para levar a cabo a síntese e caracterización de especies inorgánicas.	A17	B7	C1



Elaborar un diario de laboratorio no que se recolla toda a información relevante realizando os cálculos necesarios.	A1 A15 A18 A20 A21 A23 A24	B3 B4 B7	C1
Coñecer a estrutura de compostos de coordinación e sólidos cristalinos non moleculares e saber aplicar as técnicas de determinación estrutural.	A9	B2 B4	
Elaborar e presentar correctamente informes sobre o traballo realizado nun laboratorio de química inorgánica e os resultados obtidos.	A1 A3 A4 A5 A9 A12 A14 A20	B3 B4 B7	C1
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita do inglés no ámbito científico. (Para los alumnos do grupo en inglés)			C2

Contidos	
Temas	Subtemas
Preparación de Compostos de Coordinación	Principais métodos de preparación de complexos. Efecto do disolvente. Diagramas de especiación.
Determinación Estrutural de Compostos de Coordinación (I)	Análise químico. Espectrometría de masas. Conductividade molar. Momentos dipolares. Espectroscopía vibracional. Espectroscopía de RMN. Cuestións e problemas.
Determinación Estrutural de Compostos de Coordinación (II): Espectroscopía Electrónica de Absorción	Introdución. Regras de selección. Orixe das bandas: Bandas ligando-ligando, bandas de transferencia de carga, bandas d-d. Termos espectroscópicos e estados electrónicos. Diagramas de Orgell e diagramas de Tanabe-Sugano. Interpretación dos espectros electrónicos e aplicacións na determinación estrutural. Cuestións e problemas.
Determinación Estrutural de Compostos de Coordinación (III): Propiedades Magnéticas	Diamagnetismo e paramagnetismo. Momento magnético efectivo. Contribución de espín e contribución orbital. Aplicacións na determinación estrutural. Cuestións e problemas.
Métodos de Preparación de Sólidos non Moleculares	Estratexias na preparación de sólidos cristalinos non moleculares. Principais métodos de síntese: Método cerámico, métodos de química suave (coprecipitación, descomposición de nitratos, sol-xel, reaccións de intercalación,...), método solvotermal.
Métodos de Caracterización de Sólidos non Moleculares	Presentación xeral das distintas técnicas difractométricas (difracción de RX, de electróns e de neutróns) con énfase na difracción de RX en po cristalino. Técnicas espectroscópicas Métodos térmicos. Microscopía electrónica (de transmisión e de varrido).



Preparación e Caracterización dun Composto de Coordinación	<p>Selección das condicións de síntese</p> <p>Selección dos materiais necesarios (reactivos, material, montaxes...)</p> <p>Avaliación dos riscos asociados ao experimento e a súa prevención</p> <p>Procedemento experimental de síntese</p> <p>Manexo das técnicas instrumentais para a elucidación estrutural</p> <p>Interpretación dos resultados da elucidación estrutural</p> <p>Elaboración do caderno de laboratorio</p> <p>Elaboración e presentación do informe final</p>
Preparación e Caracterización dun Sólido Cristalino non Molecular	<p>Selección das condicións de síntese</p> <p>Selección dos materiais necesarios (reactivos, material, montaxes...)</p> <p>Avaliación dos riscos asociados ao experimento e a súa prevención</p> <p>Procedemento experimental de síntese</p> <p>Manexo de software auxiliar para a elucidación estrutural</p> <p>Interpretación dos resultados da elucidación estrutural</p> <p>Elaboración do caderno de laboratorio</p> <p>Elaboración e presentación do informe final</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	10	30	40
Prácticas de laboratorio	34	0	34
Seminario	4	20	24
Traballos tutelados	2	28	30
Presentación oral	2	8	10
Proba mixta	2	0	2
Resumo	0	10	10
Atención personalizada	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposicións orais do profesor, complementadas co uso de medios audiovisuais e coa introducción de preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Trátase de sesións "abertas" con continuo intercambio de ideas entre o profesor e os alumnos. Nestas sesións presentaranse os seis primeiros temas que figuran no apartado "Contidos".
Prácticas de laboratorio	Traballo do alumno no laboratorio, baixo a tutela e supervisión do profesor. Levarase a cabo a síntese e caracterización dun composto de coordinación e dun sólido cristalino non molecular. Este traballo comprende os dous últimos temas que se recollen no apartado "Contidos".
Seminario	Sesións de traballo en grupos reducidos dirixidas á resolución de problemas e cuestións relacionadas cos temas expostos nas sesións maxistras. Servirán tamén de "feed-back" para que o profesor valore o progreso do alumnado.
Traballos tutelados	Con anterioridade ao inicio das prácticas o alumno realizará un traballo académico dirixido, que consistirá na preparación dos experimentos que se realizarán no laboratorio mediante unha revisión bibliográfica.
Presentación oral	Sesións en grupo nas que cada alumno deberá presentar o traballo que realizou ao longo das prácticas de laboratorio. Cada alumno disporá dun tempo reducido (5 minutos aprox.) para resumir o seu traballo. A continuación establecerase un debate coa participación de todos os alumnos do grupo.
Proba mixta	Tratarase dunha proba escrita que incluírá cuestións e problemas numéricos relacionados coa materia.
Resumo	O alumno deberá entregar ao final das prácticas un caderno de laboratorio e un breve informe de cada unha das prácticas, que serán corrixis e avaliados polo profesor.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Seminario Traballos tutelados Presentación oral	<p>Na fase de prácticas de laboratorio realizaranse varias sesións de atención personalizada, esto é, sesións de atención individualizada na que o alumno será entrevistado polo profesor. Esta atención individualizada incluírá:</p> <p>i) Dúas sesións de atención personalizada que se realizarán previamente ao comezo do traballo experimental e despois da planificación e revisión bibliográfica que realizará o alumno para cada unha das prácticas. Nestas sesións o alumno discutirá co profesor as conclusións ás que chegou na etapa de preparación do experimento. Se o profesor avalía positivamente o traballo do alumno, éste será autorizado a comezar o traballo experimental.</p> <p>ii) Unha sesión de atención personalizada ao finalizar as prácticas de laboratorio co fin de avaliar o traballo do alumno e orientalo sobre as posibles carencias na súa formación.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	<p>A avaliación da parte experimental da asignatura supón un 80% da calificación final. Inclúe:</p> <ol style="list-style-type: none">1. O traballo experimental do alumno, en particular no que se refire á planificación, organización, destreza e seguridade no traballo práctico. Valoraranse tamén os resultados da síntese e caracterización das especies propostas. (20%)2. Grao de preparación previa de cada práctica e interpretación dos resultados e as conclusións obtidas na mesma. Serán avaliadas mediante entrevista persoal co alumno (35%).3. Exposición oral na que se presentarán os experimentos desenvolvidos no laboratorio de xeito breve (15%).4. Caderno de laboratorio e informes de cada unha das prácticas (30%).	80
Traballos tutelados	Tanto o grao de preparación previa de cada práctica como a interpretación dos resultados e as conclusións obtidas ns mesma serán avaliadas mediante entrevista persoal co alumno. A súa porcentaxe inclúese no apartado "Prácticas de Laboratorio";	0
Presentación oral	Valorarase a análise dos resultados e as conclusións extraídas do traballo experimental que presentará o alumno aos seus compañeiros. Tamén se valorará a súa participación activa nos debates. A súa porcentaxe inclúese no apartado "Prácticas de Laboratorio";	0
Resumo	Valorarase o caderno de laboratorio elaborado por cada alumno, así como os informes de cada unha das prácticas realizadas. A súa porcentaxe inclúese no apartado "Prácticas de Laboratorio";	0
Proba mixta	Tratarase dunha proba escrita que incluírá cuestións e problemas numéricos relacionados coa materia.	20

Observacións avaliación



Esta é unha materia eminentemente experimental, polo que a asistencia a todas as actividades presenciais do curso é obrigatoria. Primeira oportunidade: A puntuación máxima é de 10 puntos e a superación da materia requirirá a obtención dun mínimo de 5 puntos en total. En cada unha das partes avaliadas requirirase obter un mínimo do 40% da puntuación máxima posible para esa parte. Para que se teñan en conta as calificacións das distintas actividades suxeitas a avaliación é preciso obter a calificación mínima indicada para cada unha delas. Por tanto, de non acadarse dita puntuación mínima, nalgunha delas, e no caso de que a media sexa superior ou igual a 5 (sobre 10), a asignatura figurará como "suspenso". No momento en que o alumno comence o traballo presencial de prácticas de laboratorio considerárase que escomezou o proceso de avaliación, e por tanto a súa cualificación non poderá ser "non presentado". Segunda oportunidade: A puntuación máxima é de 10 puntos e a superación da materia requirirá a obtención dun mínimo de 5 puntos en total. O alumno será avaliado mediante unha proba obxectiva (que computará por un máximo de 2 puntos), e unha proba práctica de laboratorio (que computará por un máximo de 8 puntos). A proba práctica consistirá na preparación e execución dunha práctica de laboratorio seguindo os mesmos criterios detallados no apartado "metodoloxía", coa única salvedade de que a preparación previa non será titorizada. Dada a importancia da preparación previa, se esta se realiza de maneira inadecuada o alumno recibirá a cualificación de suspenso antes de comezar o traballo de laboratorio. Dende o momento en que o alumno comece a preparación da práctica, ou a realización da proba obxectiva, considérase que decidiu ser avaliado, e por tanto non procede a cualificación de "non presentado". Os alumnos poderán obter ata un punto adicional sobre a base do seu interese e a participación en distintas actividades (corrección de exercicios, tutorías, ...). Esta cualificación só se sumará a cualificación final no caso de que os alumnos obteñan un mínimo de 4 pts sobre 10 na mesma. Os alumnos avaliados na segunda oportunidade só poderán optar á matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se esgotasen na primeira oportunidade.

Respecto aos sucesivos cursos académicos, o proceso ensinanza-aprendizaxe, incluída a avaliación, refírese a un curso académico e, polo tanto, volve comezar cun novo curso académico, incluíndo todas as actividades e procedementos de avaliación que se programen para dito curso.

Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Inorgánica Avanzada/610G01025
Ciencia de Materiais/610G01035

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Química Física 1/610G01016
Química Física 2/610G01017
Química Inorgánica 1/610G01021
Química Inorgánica 2/610G01022
Química Inorgánica 3/610G01023

Observacións

Aconséllase que aqueles alumnos que cursen a "Química Inorgánica 4" teñan superada a "Química Inorgánica 3". Asemade, é preciso que os alumnos que cursen a "Química Inorgánica 4" manexen adecuadamente os coñecementos impartidos nas materias "Química Inorgánica 1 e 2" e "Química Física 1 e 2".

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías